

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 2 DE DECEMBRO DE 2025**

### **PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández

### **ASISTENTES:**

D. Rubén Vázquez Pérez  
D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán  
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez  
D. Raúl Varela Fraguio  
D. Manuel Castro Uzal

### **INTERVENTORA ACCIDENTAL:**

D. Laura Garcia Santiago

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas do día dous de decembro do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora accidental, D<sup>a</sup> Laura Garcia Santiago e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 2025**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 25 de novembro de 2025, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 25 de novembro de 2025.

### **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Dirección Xeral de Inclusión Social, Consellería de Política Social e Igualdade, Resolución de 14 de novembro de 2025, pola que se publica a Resolución de 13 de novembro de 2025, que finaliza os procedementos da Orde de 30 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades locais para programas de inclusión social para os anos 2025 a 2027, cofinanciada parcialmente pola Unión Europea no margo do Programa FSE+Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS623C). DOG número 231, de 28-11-2025.
- Servizo de Xestión de Plans. Sección de Plans Provinciais da excma. Deputación provincial da Coruña, bases reguladoras Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+2026". BOP número 231, de 02-12.2025.

### **3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 21 ao 27 de novembro de 2025, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 1137/2025 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 1162/2025, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1137/2025	21-11-2025	Cesar a RBC como persoal eventual no Concello de Cambre no posto que viña ocupando de asesora da Alcaldía (85%), de conformidade co artigo 104-2 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local
1138/2025	21-11-2025	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de agosto de 2025, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes e o seu pagamento, por importe total de 60.043,45 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de agosto de 2025 por importe de 18.586,86 euros. Aprobar, autorizar, dispor e recoñecer as obrigas resultantes dos recargos correspondentes ós seguros sociais do mes de agosto de 2025 á Tesourería Xeral da Seguridade Social por importe de 15.726,07 euros
1139/2025	21-11-2025	Designar a IBM, tesoureira municipal, para actuar como usuaria administradora ante a "Caja General de Depósitos"
1140/2025	21-11-2025	Aprobar, con efectos do 1 de abril de 2025, a relación de 4 altas e 10 baixas para participar no Programa das escolas de actividade física e saúde ano 2025 mes de abril
1141/2025	21-11-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 25 de novembro de 2025
1142/2025	21-11-2025	Aprobar o aboamento da nómina correspondente á mensualidade de agosto de 2025 de MdelCPS cun total retribucións brutas 3.063,88

		euros
1143/2025	24-11-2025	Considerar desistida a PCS da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 27/02/2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
1144/2025	24-11-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada o 06 de novembro de 2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: MÁCD
1145/2025	24-11-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MMMJ
1146/2025	24-11-2025	Considerar desistido a JSG da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 08/11/2022, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
1147/2025	24-11-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social solicitada con data 04/02/2025, destinada ao pagamento de dous recibos de alugueiro correspondentes aos meses de xullo e agosto de 2023 por importe de 230 euros cada un e parte do recibo de xuño de 2023 por importe de 140 euros, o que supón un total de 600 euros, segundo o artigo 7 da ordenanza. Solicitante: MÁCD
1148/2025	24-11-2025	Considerar desistido a JBAG da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 01/02/2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
1149/2025	24-11-2025	Considerar desistido a JCP da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 11/05/2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
1150/2025	24-11-2025	Considerar desistida a CCRdeM da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 04/05/2023 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
1151/2025	24-11-2025	Considerar desistida a EGL da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 20/03/2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
1152/2025	24-11-2025	Comparecer no procedemento abreviado 251/2025, demanda interposta por Os Ventos Innovación en Servizos S.L, contra o

		Concello de Cambre sobre admon. local-contratación e convenios, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 4 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
1153/2025	24-11-2025	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal de data 27 de novembro de 2025
1154/2025	25-11-2025	Facer rendibles excedentes temporais de tesourería por importe de 22.000.000 euros, mediante a súa colocación a prazo fixo por un período de tres meses, solicitando a tal fin a presentación de ofertas as entidades financeiras con sede na praza
1155/2025	26-11-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
1156/2025	26-11-2025	Aprobar as facturas por importe total de 2.411,63 euros. Autorizar e dispor o gasto, no seu caso, así como recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes
1157/2025	26-11-2025	Dar de alta no servizo de axuda no fogar con taxa de 3,39 €/hora. A prestación do servizo será de 1 hora de luns a venres. A data de alta é: 01/12/2025. Solicitante: MCCF
1158/2025	26-11-2025	Aceptar a desistencia da solicitude de alta no servizo de axuda no fogar presentada por RPS
1159/2025	26-11-2025	Aceptar a desistencia da solicitude de alta no servizo de axuda no fogar presentada por MILL
1160/2025	27-11-2025	Aprobar a incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2024 número 4/2025 por importe de 56.208,43 euros
1161/2025	27-11-2025	Desestimar o recurso interposto por VRM e manter o acordado na Resolución 690/2025 de data 10/07/2025 da Concelleira Delegada da Área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo e polo tanto a denegación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade e mobilidade reducida a favor de VRM dado que non se achega o certificado de discapacidade no que se lle recoñeza o grao da mesma e as dificultades graves de mobilidade que lle dificulten a utilización de transportes colectivos, nin tampouco se achega o certificado polo persoal médico facultativo dos servizos públicos de saúde
1162/2025	27-11-2025	Aprobar a lista definitiva dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao concurso oposición para a elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de administración xeral interinos

#### **4.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local o seguinte asunto:

- Proposta relativa á adxudicación do contrato para a “subministración en réxime de aluguer e instalación de iluminación ornamental no Concello de Cambre 2025/26” Expte.: TEDEC 2025/C005/000003)

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez quen, unha vez concedido, manifesta a urxencia do asunto vén motivada pola necesidade de adxudicar o contrato, dado que a data de inicio da prestación segundo o prego de cláusulas administrativas particulares é o 5 de decembro de 2025.

A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto anteriormente citado, e é aprobada por unanimidade.

**ÚNICA. PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A “SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUER E INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN ORNAMENTAL NO CONCELLO DE CAMBRE 2025/26” (EXPTE. TEDEC: 2025/C005/000003)**

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 2 de decembro de 2025 (CVD: pJ7pTFK1RmXra5LFB3Lo), que transcrita di:

**“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o expediente de contratación para a adxudicación do contrato para a “Subministración en réxime de aluguer e instalación de iluminación ornamental no Concello de Cambre 2025/26” (Expte. TEDEC: 2025/C005/000003).

Vista a acta da Mesa de Contratación de data 31 de outubro de 2025 (CVD: vyKIhPLoNqMUZRq cibXb), na que se declara “no aprobada la propuesta de adjudicación del contrato de “Suministro en régimen de alquiler y servicios para la instalación de la iluminación ornamental navideña en el Ayuntamiento de Cambre, 2025/2026”.”.

Vista a Providencia do Concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime interior e Desenvolvemento económico de data 10 de novembro de 2025 (CVD: hEXPC2Zx6iNF8D TOVTia).

Visto o informe técnico de data 12 de novembro de 2025 emitido por Enxeñeiro de Obras Públicas interino (CVD: UTUHOtJn+WkkcPHEhfds) no que, entre outras cousas, se conclúe que: “...Con lo expuesto en este informe, y dentro de las competencias técnicas del técnico que suscribe, se considera que los reparos formulados en el informe de intervención a fecha de octubre de 2025 han sido debidamente analizados y justificados. En consecuencia, se concluye que el PPTP y demás documentación técnica elaborada y firmada por el suscribiente, que consta en el expediente de contratación, definen de manera suficiente las especificaciones técnicas necesarias para la tramitación, adjudicación y posterior ejecución del contrato del suministro en régimen de alquiler y servicios para la instalación de la iluminación ornamental navideña en el Ayuntamiento de Cambre 2025/2026. Desde el punto de vista técnico, no se aprecia inconveniente en la continuación del procedimiento de

contratación, respetando los principios de transparencia, igualdad de trato, libre concurrencia y proporcionalidad que rigen la contratación pública. Se hace constar que la presente valoración se emite únicamente a efectos técnicos y dentro del ámbito competencial del área de ingeniería, sin asumir pronunciamientos de carácter jurídico, económico o de oportunidad administrativa, que corresponden al órgano de contratación y a los servicios municipales competentes....”.

Vista a Providencia do Concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime interior, e desenvolvemento económico, de data 14 de novembro de 2025 (CVD: 4hYEsmePKmK9Q2yLaGIA) na que se dispón: “Que se continúe a tramitación do procedemento de contratación ao obxecto de someter a adxudicación do contrato ao órgano de contratación e , en consecuencia, que se requira ao licitador que obtivo maior puntuación a presentación da documentación previa a adxudicación esixida no prego de cláusulas administrativas particulares.”.

Vista a documentación aportada polo licitador que obtivo a maior puntuación.

Visto o informe emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas interina de data 28 de novembro de 2025 (CVD b8P3iuoB/5tJWRsl6kst) no que: “(...) **infórmase: Termodeco S.L. acredita a súa solvencia técnica**, así como a suficiencia de medios persoais e materiais exixidos nos pregos de cláusulas administrativas particulares aprobados no expediente 2025/C005/000003, “Contratación del suministro en régimen de alquiler y servicios para la instalación de la iluminación ornamental navideña en el Ayuntamiento de Cambre 2025/26”....”.

Vista as actas das Mesas de Contratación de 28 de novembro de 2025 (CVD: ZKmXZtlw+Vd89LXWkg34) e de 1 de decembro de 2025 (CVD F0qf3hH/ww3SDnceybCM).

Visto o informe emitido pola técnica de xestión da Administración Xeral interina, co conforme da secretaria xeral, de data 1 de decembro de 2025 (CVD: 8Yjld5EROHtlps0Er4pH) no que se informa desfavorablemente a adxudicación polos motivos nel expostos.

Visto o informe emitido pola intervención municipal en data 1 de decembro de 2025 (CVD: o6KuvQT78cgsokq0/fvk) no que, entre outras cousas, conclúe:

“(…/…)”

### **RESULTADO DA FISCALIZACIÓN**

[  ] Fiscalizado **coas seguintes observacións**

- **X\*.D:** a **formalización** do contrato deberá efectuarse **non máis tarde dos quince días hábiles** seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151 LCSP e, en todo caso, con carácter previo a execución da prestación.

[  ] Fiscalizado **desfavorablemente** sen efectos suspensivos

- **X\*.B:** o informe de secretaría á adxudicación é desfavorable. (CVD: 8Yjld5EROHtlps0Er4pH)

[  ] Fiscalizado **desfavorablemente CON efectos suspensivos** por aplicación do artigo **216.2.c TRLFL (omisión de requisitos e trámites esenciais):**

- **X\*.A:** tal e como advítese no informe referencia **ILUMINACION ORNAMENTAL NADAL FASE A/2025/2026** , de 08.10.2025 (CVD: ZN4HPZMF/5qLC3W11D5y ) , **os reparos emitidos no citado**

**documento, ao non ser solventados, teñen carácter suspensivo na fase de adxudicación do contrato.**

- **X\*.C: incumprimento do artigo 35.1.c) da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.** A Mesa de Contratación na sesión celebrada o 31.10.2025 non aprobou a proposta de adxudicación do contrato de iluminación ornamental nadal no Concello de Cambre no ano 2025. De feito, a iniciativa para o requerimento de documentación ao licitador Tecmodeco, S.L partiu única e exclusivamente do concejal delegado (CVD: ml9gkiXZ02ckes14X7x3) . Se ben ao abeiro do art. 80.1 da Lei 39/2015 o ditame emitido pola mesa de contratación non é vinculante, o art. 35.1.c) do mesmo texto legal exige ao órgano de contratación que motive os actos que se separen do ditame de órganos consultivos. No expediente que se somete a fiscalización NON consta motivación algunha ao respecto polo que estase a vulnerar o artigo 35.1.c) da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Os **reparos** emitidos **suspenden** a tramitación do expediente ata que, no caso de existir discrepancias, sexan **levantados** pola **alcaldía**, facultade **indelegable**, dacordo có procedemento regulado no artigo **15 do RD 424/2017, do 28 de abril**:

“1. Sin perjuicio del carácter suspensivo de los reparos en los términos previstos en el texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, las opiniones del órgano interventor respecto al cumplimiento de las normas no prevalecerán sobre las de los órganos de gestión. Los informes emitidos por ambos se tendrán en cuenta en el conocimiento de las discrepancias que se planteen, las cuales serán resueltas definitivamente por el Presidente de la Entidad Local o por el Pleno, de acuerdo con lo previsto en el artículo 217 y en el apartado 2 del artículo 218 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales y en los apartados siguientes de este artículo.

2. Cuando el órgano gestor no acepte el reparo formulado por el órgano interventor en el ejercicio de la función interventora planteará al Presidente de la Entidad Local una discrepancia.

No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, corresponderá al Pleno la resolución de las discrepancias cuando los reparos:

a) Se basen en insuficiencia o inadecuación de crédito.

b) Se refieran a obligaciones o gastos cuya aprobación sea de su competencia.

3. En el plazo de quince días desde la recepción del reparo, las discrepancias se plantearán al Presidente o al Pleno de la Corporación Local, según corresponda, y, en su caso, a través de los Presidentes o máximos responsables de los organismos autónomos locales, y organismos públicos en los que se realice la función interventora, para su inclusión obligatoria, y en un punto independiente, en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.

La discrepancia deberá ser motivada por escrito, con cita de los preceptos legales en los que sustente su criterio.

Resuelta la discrepancia se podrá continuar con la tramitación del expediente, dejando constancia, en todo caso, de la adecuación al criterio fijado en la resolución correspondiente o, en su caso, a la motivación para la no aplicación de los criterios establecidos por el órgano de control.

La resolución de la discrepancia por parte del Presidente o el Pleno será indelegable, deberá recaer en el plazo de quince días y tendrá naturaleza ejecutiva.

4. El Presidente de la Entidad Local y el Pleno, a través del citado Presidente, previamente a la resolución de las discrepancias, podrán elevar resolución de las discrepancias al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera

A tales efectos, el Presidente remitirá propuesta motivada de resolución de la discrepancia directamente a la Intervención General de la Administración del Estado o al órgano equivalente, en el caso de que la

*Comunidad Autónoma tenga atribuida la tutela financiera, concretando el extremo o extremos acerca de los que solicita valoración. Junto a la discrepancia deberá remitirse el expediente completo. Cuando el Presidente o el Pleno hagan uso de esta facultad deberán comunicarlo al órgano interventor y demás partes interesadas.*

*La Intervención General de la Administración del Estado o el órgano equivalente, en el caso de que la Comunidad Autónoma tenga atribuida la tutela financiera, sin perjuicio de su facultad para recabar los informes o dictámenes que sean necesarios a efectos de emitir informe, deberán informar sobre las cuestiones planteadas en el plazo de un mes desde la solicitud por parte del Presidente siempre que se cuente con el expediente completo. Este plazo se interrumpirá en el caso de que sea necesario solicitar aclaraciones o informes para la resolución de la discrepancia.*

*Cuando las resoluciones y acuerdos adoptados por la Entidad Local sean contrarios al sentido del informe del órgano interventor o al del órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera, se incluirán en los informes referidos en los apartados 6 y 7 de este artículo.(...)" (.../...)"*

Visto o informe do enxeñeiro técnico de obras públicas interino de data 1 de decembro de 2025 (CVD: XCxjua4Vq4hkCvLlyXAI) no que se remite ao seu informe de data 12 de novembro de 2025 (CVD: UTUHOtJn+WkkcPHEhfs) e que transcrito di: "...Analizada a documentación existente no expediente, e en particular o informe emitido pola intervención municipal a data 1 de decembro de 2025 no que formula un reparo suspensivo, por medio do presente remítome ao informe elaborado polo técnico que suscribe a data 12 de novembro de 2025 (CVD: UTUHOtJn+WkkcPHEhfs)..."

Vista a resolución de Alcaldía nº 1181/2025, de 1 de decembro (CVD: H2EJHMBFG5zN33gpY2xy) na que se levanta o reparo suspensivo e se dispón continuar o procedemento para adxudicación do expediente de contratación da "Subministración en réxime de aluguer e instalación de iluminación ornamental no Concello de Cambre 2025/26"(TEDEC 2025/C005/000003).

Vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar válida a licitación admitindo nela as entidades mercantis "CREACIONES LIMINOSAS, S.L" CIF B 36351484 e a "TECMODECO S.L." con CIF B10982205.

**Segundo:** De conformidade coa valoración otorgada na Mesa de Contratación de data 31 de outubro de 2025 no presente expediente, aprobar a seguinte valoración das proposicións presentadas polos licitadores admitidos nos diferentes lotes do procedemento:

-“CREACIONES LUMINOSAS, S.L.” 79,58 PUNTOS.

-“TECMODECO, S.L” 82 PUNTOS

**Terceiro.-** Adxudicar a "TECMODECO, S.L" polo prezo de 79.391,19 € (IVA incluído) incluíndo as melloras ofertadas de dúas unidades de ARCO ornamental de iluminación led, con cargo a partida orzamentaria 165 20300 "arrendamiento maquinaria alumbrado público":

**Cuarto** Designar como responsable del contrato a David Fraga Germade, enxeñeiro técnico de obras públicas interino, de conformidade co establecido no artigo 62.2 da LCSP, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación prestada.

**Quinto.-** Dar traslado deste acordo, a través da plataforma TEDeC, ao responsable do contrato e ao departamento de intervención para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

**Sexto.-** Notificar este acordo aos licitadores presentados e publicar este acordo de adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>).

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaloo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante a señora alcaldesa [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 2 de decembro de 2025 (CVD: pJ7pTFK1RmXra5LFB3Lo), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

## **5.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e quince minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo